

BANDO DA ALCALDÍA

A epidemia do COVID-19 supón unha emerxencia de saúde pública de importancia internacional que obriga a adopción de diversas medidas por parte do Estado, a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a propia Administración Local.

Mediante Real decreto 463/2020 declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 (BOE nº 67 de 14.03.2020) determinando a limitación da liberdade de circulación das persoas e a suspensión dos prazos administrativos.

Polo exposto, comunícase o cese da atención presencial ao público nas dependencias municipais habilitándose a sede electrónica (<https://cambados.sedelectronica.gal/info.0>) e as consultas, vía telefónica, nos seguintes números:

Casa do Concello	986.52.09.02
Policía Local	986.52.40.92
Servizos Sociais	986.52.05.10

Recoméndase seguir con atención as indicacións das autoridades sanitarias e de seguridade solicitándose de toda a veciñanza a máxima colaboración.

O que se difunde para xeral coñecemento.

Cambados 16 de marzo de 2020

A Alcaldesa

Fátima Abal Roma

